Concello de AMES

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"**PUNTO NOVENO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA XIMNASIO E PISTA DE SQUASH CUBERTA NO PAVILLÓN DE BERTAMIRÁNS.-**

O señor alcalde informa á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a Mesa de Contratación no procedemento aberto para a adxudicación das obras "**XIMNASIO E PISTA DE SQUASH CUBERTA NO PAVILLÓN DE BERTAMIRÁNS**".

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a obra.

Visto o que antecede, e a fiscalización de conformidade da Intervención Municipal (informe 165/2017) e o conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra **"XIMNASIO E PISTA DE SQUASH CUBERTA NO PAVILLÓN DE BERTAMIRÁNS"** á empresa **Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA,** con CIF A-15352735, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de OITENTA MIL OITOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS **(80.822,58.- Euros),** sen IVE

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de DEZASEIS MIL NOVECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS **(16.972,74.- €)**

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de **5 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como dirección da obra á empresa Salgado e Liñares SL, e como director de execución material e coordinación de seguridade e saúde da obra ó arquitecto técnico, Francisco Gónzalez Varela.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a vinte e sete de outubro de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

C.I.F.: P – 1500200 – I

FIRMADO por: JOSE MANUEL MIÑONES CONDE (NIF: 44808588B)
FIRMADO por: ROSA ANA PRADA QUEIPO (NIF: 10869361K)
Versión imprimible con información de firma generado desde VALIDe (http://valide.redsara.es)
Firma válida.